

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2016

PROPOSTA DE FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL DA USC

1.- A funcionarización afectará a todo o cadro de persoal de administración e servizos financiado con recursos non afectados.

Así, implicará a conversión de todos os postos da RPT que actualmente están definidos como laborais, en postos funcionariais, e a declaración das categorías laborais como a extinguir.

O instrumento para realizar esa conversión será a aprobación da RPT do PAS xunto co orzamento da USC para o exercicio de 2017.

A RPT de 2017 definirá os postos de traballo con dotación orzamentaria e establecerá a clasificación dos mesmos, de conformidade coas condicións resultantes da proposta retributiva que se fixe, para que as melloras nela referidas entren en vigor o 1 de Xullo de 2017.

2.- A opción por funcionarizarse será voluntaria para os traballadores fixos que hoxe teñen a condición de persoal laboral. Tal opción poderá exercitarse nun período de 4 anos. De non optar pola funcionarización, seguirán a desempeñar o posto de traballo que ocupan coas condicións establecidas e consolidadas na actualidade.

3.- A funcionarización realizarase mediante a incorporación do persoal laboral ás escalas e especialidades, contidas no **anexo I**, de conformidade co grupo derivado da titulación esixida para o acceso á categoría laboral correspondente.

4.- O adquisición da condición de funcionario de carreira do persoal laboral fixo da USC obterase pola superación dun curso selectivo de formación que versará sobre os aspectos normativos xerais e non sobre as competencias específicas da categoría profesional, que xa foron acreditadas polo persoal no momento de acceder ao seu posto laboral. Ese curso, que se convocará anualmente no primeiro trimestre dos anos 2017, 2018, 2019 e 2020, realizarase para acceder a cada Subgrupo de Clasificación (1 = A1, 2 = A2, 3 = C1 e 4 = C2).

5.- Para que o proceso de funcionarización leve aparellada unha homoxeneización das condicións retributivas dos postos de traballo totais do cadro de persoal de administración e servizos, a proposta de clasificación e retribución dos tipos de posto, detallada no **anexo II** coa formulación que resultaría da funcionarización do cadro de persoal, é a seguinte:

-O Soldo correspóndese co fixado por grupo.

-O Nivel de Complemento de destino é o que se indica no anexo II, sendo o nivel mínimo o 15 e o máximo o 30.

-O Complemento específico artéllase nunha gradación de 30 niveis, nominados con letras dende a A ata a CZ. O específico máis alto terá un importe anual de 30.821,7 €, e o menor, de 6.110,22 €, supoñendo cada chanzo unha variación de 852,12 € anuais.

A	30.821,70 €	852,12 €
B	29.969,58 €	852,12 €
C	29.117,46 €	852,12 €
D	28.265,34 €	852,12 €
E	27.413,22 €	852,12 €
F	26.561,10 €	852,12 €
G	25.708,98 €	852,12 €
H	24.856,86 €	852,12 €
I	24.004,74 €	852,12 €
J	23.152,62 €	852,12 €
K	22.300,50 €	852,12 €
L	21.448,38 €	852,12 €
LL	20.596,26 €	852,12 €
M	19.744,14 €	852,12 €
N	18.892,02 €	852,12 €
Ñ	18.039,90 €	852,12 €
O	17.187,78 €	852,12 €
P	16.335,66 €	852,12 €
Q	15.483,54 €	852,12 €
R	14.631,42 €	852,12 €
S	13.779,30 €	852,12 €
T	12.927,18 €	852,12 €
U	12.075,06 €	852,12 €
V	11.222,94 €	852,12 €
X	10.370,82 €	852,12 €
Y	9.518,70 €	852,12 €
Z	8.666,58 €	852,12 €
AZ	7.814,46 €	852,12 €
BZ	6.962,34 €	852,12 €
CZ	6.110,22 €	

Estes dous complementos (Destino e Específico) agréganse no cadro nunha columna denominada Complemento de Posto.

-No caso de que o persoal laboral que se funcionarice perciba como funcionario unhas retribucións inferiores ás que lle correspondían como contratado laboral, excluída a antigüidade, terá dereito a percibir un complemento persoal transitorio actualizable, e

non absorbible salvo por melloras retributivas derivadas de procesos de carreira administrativa.

6.- Antigüidade: o persoal laboral que se funcionarice consolidará a retribución por antigüidade que percibía como laboral no momento de adquisición da condición de funcionario de carreira. Esa contía dividirase en dous conceptos:

- a) O de antigüidade que lle correspondería como funcionario polo número de trienios perfeccionados no grupo correspondente dos establecidos para os funcionarios.
- b) Un Complemento Persoal e Transitorio (CPT) pola diferenza.

A suma dos dous conceptos experimentará a subida que proceda por aplicación dos incrementos fixados anualmente na Lei de Orzamentos da Xunta para as retribucións dos funcionarios.

Cando se produza o perfeccionamento dun novo trienio, o persoal percibirá a contía que corresponda ao réxime aplicable aos funcionarios.

Co obxecto de mellorar a situación retributiva do persoal funcionario e corrixir os desequilibrios existentes no tratamento da antigüidade entre colectivos, a universidade establecerá un fondo anual para incrementar o concepto de complemento de antigüidade. Ese fondo asignarase a través dunha contía por trienio cuxo valor será proporcional ao do trienio por grupo. Nos exercicios de 2017 e 2018 a contía dese fondo será de 50 mil Euros, consolidables.

A cantidade dese concepto que o persoal laboral funcionarizado tivera que percibir polos trienios perfeccionados no momento da funcionarización, reducirán o CPT que se teña recoñecido.

7.- As prazas de persoal laboral incluídas en ofertas de emprego público non executadas tamén serán obxecto de funcionarización. O persoal que supere os procesos selectivos convocados para a súa cobertura formalizará o correspondente contrato de traballo, podéndose acoller, de seguido, aos seguintes cursos selectivos de funcionarización.